

INFORME
1ª COMISIÓN TÉCNICA

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA
“MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”



Reserva de Biosfera
**MARIÑAS CORUÑESAS
e TERRAS DO MANDEO**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

6 de novembro de 2014
Fundación Juana de Vega

LIMAR	2
OBXECTIVOS.....	2
PROGRAMA	3
ASISTENTES	4
DESENVOLVEMENTO DA XORNADA	6
O Plan Alimentario no marco do Plan Estratéxico da RB	6
Presentación do proxecto e obxectivo da Comisión.....	7
Traballos desenvolvidos ata o momento.....	10
Dinámica de grupos	11
Peché da xornada e conclusións.....	15

LIMIAR

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas- Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (RB MCeTM), dentro dos obxectivos a traballar no Plan Estratéxico da Reserva de Biosfera 2013-2017, pretende impulsar un proceso de desenvolvemento cos axentes locais de cara ao deseño e aplicación dunha estratexia alimentaria que estimule a produción, transformación e consumo sostible de produtos agroalimentarios locais. Proponse para elo a creación dun Plan Alimentario Local 2014-2017, ligado ao crecemento sostible e o emprego verde, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad (Ministerio de Agricultura, alimentación y medioambiente).

Para a identificación das principais liñas de acción e metas do Plan constituirase a **Comisión Técnica do Plan Alimentaria** integrada por representantes dos principais axentes do sistema alimentario no territorio, formada por todos axentes implicados (produtores locais, empresas agroalimentarias, distribuidoras, grupos de consumo, asociacións de consumidores, restauradores, técnicos agrarios, centros de investigación, fundacións, etc.).

OBXECTIVOS

- ✚ **Presentación do proxecto do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera:** difundir os obxectivos, actividades e cronograma do proxecto financiado pola Fundación Biodiversidade e o Programa Leader.
- ✚ **Presentación da diagnose inicial do sistema alimentario actual:** análise das potencialidades e dos problemas do territorio, que será a base informativa para deseñar o plan de traballo.
- ✚ **Presentación da Comisión Técnica alimentaria:** papel da Comisión e metodoloxía de traballo para abordar os retos e as demandas do sector agroalimentario. A Comisión dará apoio ao desenvolvemento da estratexia alimentaria en base á mellora do acceso a terra, á produción ecolóxica, o

emprego de variedades e razas autóctonas así como a comercialización a través de canles curtas e consumo responsable.

- ✚ **Creación de mesas de traballo temáticas.** Os grupos comezarán a traballar no establecemento e posta en marcha das liñas de acción prioritarias. Identificación e aprobación da temática dos grupos e identificación de axentes relevantes a convidar.

PROGRAMA

- ✚ **10:00 - 10:20 h:** Apertura da Xornada:

José Manuel Andrade. Director da Fundación Juana de Vega; Benvida á xuntanza.

César Longo Queijo. Vicepresidente do Consello de Dirección Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; Benvida aos asistentes.

Jorge Blanco. Xestor da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; Presentación da Comisión Técnica.

- ✚ **10:20- 10:30 h:** Rolda de presentacións dos asistentes á xornada.

- ✚ **10:30- 10:50 h:** Presentación do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera MCeTM e Presentación dos obxectivos e do Plan de Traballo da Comisión Técnica. **Miguel Fernández.** Técnico ADR Mariñas Betanzos.

- ✚ **10:50- 11:10 h:** Presentación da Diagnose do Sector agroalimentario e do mapa de orientacións produtivas. **Beatriz Suárez.** LaboraTe (Universidade de Santiago de Compostela).

- ✚ **11:10- 12:30 h:** Dinámica de grupo para completar a análise do sector agroalimentario. Presentación en plenario de resultados.

- ✚ **12:30- 13:00 h:** Conclusións e liñas de traballo futuras.

Jorge Blanco. Xestor da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

- ✚ **13:00 – 13:30 h:** Peche da xornada / Rolda de prensa:

José Manuel Andrade. Director da Fundación Juana de Vega.

José Antonio Santiso. Presidente do Consello de Dirección da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

ASISTENTES

AXENTE	ENTIDADE Sector
Xoana Varela Auber	Oficina Agraria Comarcal Betanzos Administración Autonómica
Francisco Otero Otero	Oficina Agraria Comarcal Cambre Administración Autonómica
Germán Crespo Miramontes	Servizo Industrias agroalimentarias - Xunta de Galicia Administración Autonómica
Rodrigo López Piquín	Concello de Oleiros Administración Local
César Longo Queijo	Concello de Paderne Administración Local
José Luis Gómez	La casa de la aldea Comercialización
Belén Rodríguez Rodríguez	Asoc. Amas de Casa Cesuras / Productora ecolóxica Consumo/Asociacionismo
Mariola Mourela Pérez	Cooperativa de consumo Zocaminhoca Consumo/Asociacionismo
Marta Rodríguez Pérez	Cooperativa de consumo Zocaminhoca Consumo/Asociacionismo
Maru Regueiro López	Cooperativa de consumo Zocaminhoca Consumo/Asociacionismo
Lois Arenas Barreiro	CFEA Guísamo Formación
José Manuel Andrade	Fundación Juana de Vega Formación/Emprendemento
Tomás Cuesta García	Escola Politécnica Superior (USC) Formación/Investigación
Xan Neira Seijo	Escola Politécnica Superior (USC)- SEAE Formación/Investigación
Juan Castro Insúa	Centro Investigacións Agrarias Mabegondo Investigación
Manuel López Luaces	Centro Investigacións Agrarias Mabegondo Investigación
Ana María Rodríguez Lado	A Horta de Ana (Horta Ecolóxica) Producción
Xuan Álvarez Llana	AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) Producción
Marcos Bonome Dopico	Central Galaica - Plantas y Especies Producción

AXENTE	ENTIDADE Sector
Jesús Alberto Patiño Pizarro	Emprendedor en produción hortícola <i>Producción</i>
Sergio Boado Seoane	Granxas de Lousada (Horta e gandería ecolóxica) <i>Producción</i>
Judith García Andrade	La Huerta de la Almuzara (Horta Ecolóxica) <i>Producción</i>
Ivón Dúo Suárez	Revolta na Horta (Horta Ecolóxica) <i>Producción</i>
José Juan Rico Rodríguez	AFRUGAL (Asociación de Fruticultores de Galicia) <i>Producción/Asociacionismo</i>
José Francisco Castro Vilariño	Asociación Xedoreira <i>Producción/Asociacionismo</i>
M ^a Luísa Corredoira Rodríguez	Cooperativa EL PLANTEL <i>Producción/Asociacionismo</i>
Belén Matilla Cortes	Cooperativa LUTEGA <i>Producción/Asociacionismo</i>
Manolo Da Cunha Pereira	Panadería Da Cunha/Asociación Panadeiros Pan Carral <i>Producción/Asociacionismo</i>
Isabel López Chamorro	Finca Bouzón / Horta + Sá <i>Producción/Comercialización</i>
Lorenzo Bescansa Hernández	Adegas Lorenzo Bescansa (Viño da Terra de Betanzos) <i>Producción/Transformación</i>
José Luís Bouzón Beade	Casa Beade, S.L. (Viño da Terra de Betanzos) <i>Producción/Transformación</i>
Víctor Manuel Sánchez Vázquez	O lugar de Vilariño (Horta ecolóxica e queixos) <i>Producción/Transformación</i>
José Souto Martínez	Casa Sixto - Refuxios do Mandeo (Asoc. Turismo Sostible) <i>Restauración/Asociacionismo</i>
Fernando Álvarez Senra	Helados Gael (xeados ecolóxicos) <i>Transformación</i>
Manuela Carrero López	Leiralonga (cociña e catering ecolóxico) <i>Transformación</i>
Paula / Celeste García Piñeiro	Meigamoura Marmeladas e Conservas SL <i>Transformación</i>

Escusan a súa ausencia e amosan o seu interese en participar e/ou recibir información:

AXENTE	ENTIDADE Sector
Alejandro Sánchez de Dios	Banco de Terras de Galicia – Xunta de Galicia <i>Administración Autonómica</i>
M ^a Carmen Loureiro Carballeira	Oficina Agraria Comarcal Teixeira <i>Administración Autonómica</i>
Pedro Calaza	Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia <i>Asociacionismo</i>
Jesús Fernández Pérez	GADISA <i>Comercialización</i>
Xan Pouliquen	Xestión Agrogandeira e Natureza, S.L. <i>Formación/Asesoramento</i>
M ^a Ángeles Romero	USC / Fundación Dieta Atlántica <i>Formación/Investigación</i>
Belén Gómez	Casa Vilarullo <i>Producción/Transformación</i>
José Luis Olmedo	Hijos de Rivera, S.A. <i>Transformación</i>

DESENVOLVEMENTO DA XORNADA

Como apertura da Xornada, José Manuel Andrade, director da Fundación Juana de Vega, e César Longo, vicepresidente do Consello de Dirección da Reserva de Biosfera, deron a benvinda aos asistentes facendo fincapé nas potencialidades do sector agroalimentario no territorio de cara creación de emprego e para a conservación do medio ambiente.

O Plan Alimentario no marco do Plan Estratéxico da RB

A continuación, o xestor da Reserva, Jorge Blanco, levou a cabo unha composición de lugar no contexto da Reserva de Biosfera, declarada por a UNESCO no marco do Programa MAB en maio de 2013. Os principios e accións da Reserva de Biosfera veñen referendados no documento borrador do Plan de Xestión 2014-2017 (<http://www.biosferamarinasmandeo.com/p/descargas.html>).

Paralelamente, resaltouse a importancia da creación da Comisión Técnica do Plan Alimentario como un foro de encontro, discusión e nicho de desenvolvemento de estratexias de cooperación e alianzas concretas entre os axentes principais do sistema alimentario local.



Apertura da xornada
(César Longo, José M. Andrade e Jorge Blanco)



Jorge Blanco (Xestor
Reserva Biosfera MCETM)

Presentación do proxecto e obxectivo da Comisión

Miguel Fernández, técnico de Desenvolvemento Rural da ADR Mariñas-Betanzos, continúa coa presentación do proxecto do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera. Neste Plan, a deseñar nos vindeiros meses, preténdese acordar unhas recomendacións para apoiar e ampliar o Sistema Alimentario Local, superando obstáculos existentes en canto a produción, comercialización e consumo sustentable. O Plan alimentario dará resposta aos principais retos do Sistema alimentario actual identificados na diagnose inicial e basearase nos acordos do Comité técnico alimentario. Centrarase nos seguintes aspectos:

- ⊕ Agricultura ecolóxica con variedades locais.
- ⊕ Mellora do acceso a terra por parte de emprendedores.

- ✚ Canles curtas de comercialización e fomento dos Grupos de consumo local.
- ✚ Comedores públicos e outros centros de consumo social.
- ✚ Marca de calidade dos produtos da RB: promoción dos produtos locais vinculados estreitamente coa promoción do territorio para lograr o pleno desenvolvemento das súas potencialidades económicas, sociais e culturais.
- ✚ Soberanía alimentaria.
- ✚ Produción e consumo sustentable: produtos de temporada e proximidade.
- ✚ Redución da pegada ambiental.

Unha vez presentados os antecedentes e a situación de partida, xustifícase a necesidade de deseñar un Plan Alimentario para o período 2014-2017. As principais liñas de acción postas en marcha na actualidade recóllense de seguido:

1. Elaboración dun mapa SIX de orientacións produtivas para os principais cultivos da Reserva de Biosfera.
2. Posta en marcha da Marca de Calidade “Reserva de Biosfera”. Iniciarase coas producións de horta, viño e lácteos.
3. Creación dunha Bolsa de terras para o territorio da RB. Zonas Piloto:
 - ✚ Costa de Dexo (Oleiros).
 - ✚ Área amparada por la IXP Viño de Terra de Betanzos.
 - ✚ Zona alta da Reserva (Aranga, Curtis e Sobrado).
4. Animación de menús con produtos ecolóxicos e/ou asociados á Marca da Reserva en colexios e/ou comedores públicos.
5. Acadar compromisos de compra-venta de produtos locais.
6. Deseño de itinerario de inserción *emprego verde*.

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA - Presentación COMISIÓN TÉCNICA ALIMENTARIA

A COMISIÓN TÉCNICA ALIMENTARIA

Que agardamos de vós?

Colaborar na identificación e posta en marcha de liñas de acción para o desenvolvemento sostible do Sistema Alimentario Local

Que implica formar parte da Comisión?

Asistir ás reunións que se convoquen, tanto a nivel xeral como a nivel específico nas Mesas Temáticas a conformar

Traballar xuntamente nas liñas de acción que se definan

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA - Presentación COMISIÓN TÉCNICA ALIMENTARIA

A COMISIÓN TÉCNICA ALIMENTARIA

Que son as Mesas Temáticas?

Grupos de traballo cuxos obxectivos serán os de identificar necesidades e liñas de acción nos aspectos implicados en distintos eidos.

Mesas Temáticas propostas


Producción / Transformación • Mobilidade de Terras • Agroecoloxía • Producións tradicionais • ...	Comercialización en canles curtas • Marca de Calidade • Menús escolares • Mercados locais • ...	Formación / Asesoramento e Innovación • Traballo / emprendemento "verde" • Necesidades de formación • Investigación • Apoio a emprendedores, ...
---	---	--

A presentación completa pode consultarse no [ANEXO I](#).

Da sondaxe de participación nas Mesas Temáticas propostas derivouse a constitución das mesmas. Ofreceuse a cada participante a opción de formar parte como máximo en dúas delas. Desta consulta obtense o interese de 21 persoas por participar na mesa 1, 17 na 2 e 14 na 3.

Traballos desenvolvidos ata o momento

Beatriz Suárez, técnica de proxectos do LaboraTe (USC), presentou o [borrador do documento de diagnose do sistema alimentario actual](#), documento de traballo inicial da Comisión Técnica onde se recolle a situación do sector agroalimentario da Reserva de Biosfera.




A análise foi abordada sector por sector, dende a produción agroalimentaria e as vías de comercialización ata o consumo actual de variedades locais e produtos ecolóxicos; o documento baséase nunha primeira análise para identificar

Miguel Fernández
(Técnico ADR Mariñas-Betanzos)

Beatriz Suárez (LaboraTe
– Universidade de
Santiago de Compostela)

debilidades e ameazas ás que se enfronta o desenvolvemento dun sistema como o pretendido así como as fortalezas e oportunidades a aproveitar. A diagnose inclúe a opinión recollida en máis de 20 entrevistas realizadas a axentes ou entidades relevantes.

Ao mesmo tempo, presentouse o primeiro avance sobre os mapas de aptitude para as principais producións no territorio da Reserva.



A presentación completa pode consultarse no [ANEXO II](#).

Dinámica de grupos

Co gallo de completar a diagnose inicial así como aportar novas ideas de cara aos retos a afrontar polo Sistema Alimentario Local, os integrantes da Comisión levaron a termo un traballo de grupos (5-7 participantes por grupo). Os resultados preliminares obtidos, recompilados a continuación, foron posteriormente obxecto de posta en común a través de cadanseus representantes.



Beatriz Suárez (LaboraTe – Universidade de Santiago de Compostela)

Dinámica de grupos (discusión)

✚ ÁREA PRODUCCIÓN / TRANSFORMACIÓN

- I. *Non só o acceso a financiamento é un obstáculo importante, tamén o é a falla de acceso a terra: o Banco de Terras da Xunta de Galicia non ten na actualidade a suficiente axilidade nin a capacidade para resolver todos os expedientes que recibe.*
- II. *En relación á produción ecolóxica, a excesiva burocracia do CRAEGA tamén supón unha eiva que conduce en ocasións a non optar polo rexistro e posterior certificación. Outro obstáculo desta produción é a dificultade de acceso a sementes e plántulas así como abonos orgánicos, polo que se deben acometer labores de investigación que axuden a recuperar e conservar variedades locais para a súa propagación en ecolóxico. En calquera caso, demándase a colaboración co CIAM na recuperación de variedades autóctonas como o millo corvo, a cebola de Betanzos o a pavía. Por outra banda, nalgúns casos hai produtores que seguen unhas prácticas moi achegadas ás ecolóxicas e que cun pequeno asesoramento poderían pasar a ter unha certificación diferenciadora.*

✚ ÁREA COMERCIALIZACIÓN / MARCA DE CALIDADE

- III. *En canto á comercialización en canles curtas, resulta clave a actividade asociativa para distribuír os traballos e que o produtor poida dedicar máis tempo a producir e menos á distribución/comercialización. Unha solución podería pasar polo establecemento dunha entidade distribuidora consciente e responsable o unha plataforma de compra/venta/consumo de produtos máis sostibles, asociados por exemplo á Marca de Reserva de Biosfera. Un aliado interesante poden ser os comercios polo miúdo de proximidade, onde se poida transmitir de maneira máis eficiente a importancia da produción local de confianza e natural. Neste senso, é preciso manter informado ao consumidor para que valore as decisións en relación á alimentación e as súas consecuencias para o territorio, a sociedade a súa saúde. Cómpre comezar por formar e implicar ás administracións locais e traballar na conciencia social da que dependerá en gran parte o éxito do proxecto.*

- IV. Debe facerse un esforzo por coordinar, coidar e por en valor os mercados locais, evitando a competencia desleal existente en moitos casos: mellor imaxe e coidado, facelos prácticos para a xente, vincular produtores/as e produtos.



Dinámica de grupos (discusión)

- V. En relación á Marca de Reserva de Biosfera, debe enfocarse lanzando a mensaxe do que supón realmente, cunha boa estratexia de marketing que non confunda ao consumidor. Debe asociarse a territorio, calidade e sustentabilidade.

✚ ÁREA FORMACIÓN / INNOVACIÓN

- VI. A meirande parte dos participantes estaba de acordo na necesidade dunha acción coordinadora de iniciativas latentes e/ou consolidadas, como a que propón o proxecto do Plan alimentario da Reserva de Biosfera. Precísase dun proxecto que dinamize a falla de cultura e práctica asociativa e que sirva para por en valor o peso do sector agrolimentario no territorio.
- VII. Un dos principais retos destacado en todos os grupos foi a falla de financiamento para a posta en marcha das liñas de acción que se determinen no Plan alimentario. En relación á necesidade de crédito por parte de potenciais emprendedores, suxírese aproveitar as axudas á incorporación da Consellería do Medio Rural e do Mar, establecer convenios co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ou recorrer aos créditos que están a xurdir na banca convencional, como por exemplo de La Caixa.

- VIII. *A excesiva burocracia e dificultade dos trámites aos que debe facer fronte calquera empresa así como a lentitude da administración pública supón en ocasións unha traba ao desenvolvemento da actividade económica. Porén, faise necesaria maior información e asesoramento nese ámbito.*



Dinámica de grupos
(presentación de
resultados)



Dinámica de grupos
(presentación de
resultados)

- IX. *Débase fomentar a formación máis especializada e orientala non só cara o autoconsumo ou moi pequenas producións senón tamén dirixida a profesionais. Hai que deixar claro que o campo é máis un xeito de vida (duro e vocacional) que unha solución a curto prazo ao desemprego.*

Peché da xornada e conclusións



Peché da xornada (José M. Andrade, José A. Santiso e Jorge Blanco)

A batería de propostas recibidas será incorporada ao borrador do documento de diagnose e que será a base para comezar a traballar nas distintas mesas temáticas. Nestas iranse establecendo liñas de acción concretas no deseño do Plan alimentario da Reserva de Biosfera. Por outra parte, non menos importante, a xornada serviu para fomentar sinerxías e establecer futuras vías de colaboración e cooperación entre axentes do sector agroalimentario do territorio.

Este Plan se considera estratéxico e de máxima prioridade para a Reserva de Biosfera. Durante as anualidade 2014 e 2015 traballárase para trasladar á realidade as propostas recollidas. A súa implementación será vital no impacto no sector alimentario, na creación de emprego e na conservación da biodiversidade no medio rural.

A curto prazo, os seguintes pasos a dar especifícanse a continuación:

- ✿ **Celebración “Mesas Temáticas”;** novembro-décembro 2014. Convocarase con antelación aos integrantes das mesmas e xuntaranse obxectivos e planificación de tarefas.
- ✿ **Mobilidade de terras;** decembro 2014. Xuntanza en zonas piloto predefinidas.
- ✿ **Menús ecolóxicos en centros escolares;** novembro-décembro 2014. Xuntanza con responsables de comedores escolares do territorio; identificación de

necesidades nutricionais; cuantificación de materias primas necesarias e interacción cos produtos ecolóxicos do territorio.

Tal e como se comentou na xornada, o obxectivo é ter definido o documento definitivo do Plan Alimentario sobre xuño de 2015, desenvolvendo tamén, na medida do posible, as iniciativas concretas que poidan xurdir da vosa aportación.